

Curso 2020-2021

3° de primaria



Un novo reto



Benvinda a todas as nosas familias

UN CURSO NOVIDOSO E CON MOITOS RETOS

Prezadas familias:

Estamos diante dun importante reto que está a marcar novas tendencias sociais, familiares e laborais. O sistema educativo, un auténtico universo de relacións humanas está a cambiar na súa estrutura organizativa e afectiva para poder seguir sendo un referente de encontros, de aprendizaxes e de superación de retos.


A Covid19 ven a probar a nosa capacidade de unir esforzos, priorizar as necesidades básicas e a demostrar a nosa forza como sociedade.

NOVAS DINÁMICAS ESCOLARES

Dende o mes de agosto estamos a traballar para garantir unha dinámica estable e segura.

No actual contexto e nos meses seguintes o noso traballo terá como eixos de actuación:

- 1- A seguridade física da nosa comunidade, cumprindo cos Protocolos de centro
- 2- O coidado emocional dos nosos “escultores e escultoras”
- 3- A consolidación das aprendizaxes básicas e imprescindibles de cada nivel educativo
- 4- A integración nas nosas dinámicas educativas das novas formas de ensinar e aprender: aula virtual, videoconferencias, correos escolares, etc.





Proposta Educativa 2020-2021

A través da seguinte presentación queremos achegarvos as nosas propostas organizativas e didácticas para o actual curso e solicitar a máxima colaboración para acadar, entre todos, os obxectivos desexados. Imos aló...

PROTOCOLOS DE CENTRO

X DOCUMENTOS DE CENTRO

Estes tres documentos serán os referentes da nova organización escolar. Están suxeitos a posibles modificacións.

Están publicados, para a súa consulta, na nosa web de centro

X (Facer “clic” na imaxe)



PROTOCOLOS DE CENTRO






"PLAN DE ACOLLIDA E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DO CENTRO"

Este documento, responsabilidade do corpo docente, deberá ser comunicado á comunidade educativa, como medida de Planificación programática á Inspección Educativa.

Datos do centro


Código	Denominación		
Jornal	CEIP ESCULTOR ACUÑA		
Enderezo		C.P.	
Rúa Estrada, 21		31109	
Localidade	Censo	Provincia	
Vigo	Vigo	Montaña	
Telefone	Correo electrónico		
884 227 023	ceip_escultor_acuña@edu.xunta.es		
Páxina web			
http://www.edu.xunta.gal/comunidade/escultoracuna/			






CEIP Escultor Acuña
 2020/2021

PLAN DE ACOLLIDA






PLAN DE CONTINXENCIA SANITARIA E EDUCATIVA

CEIP ESCULTOR ACUÑA

O Plan de Continxencia ten por finalidade establecer os procesos de atención a un suposto alarmante de COVID-19 no noso centro, á realización de actividades académicas presenciais no caso de que se teña interrompido a suspensión de actividades lectivas como consecuencia da aparición dun brote que supoña o caso de actividades presenciais nun aula/centro educativo e a determinar o modelo de educación a distancia no rango de suspensión lectiva.

EQUIPO DIRECTIVO
 R. Iglesias





EQUIPO DOCENTE





X María José
3°A



X Estefanía
3°B

EQUIPO DOCENTE



Patricia

Música



Diego

Educación Física

EQUIPO DOCENTE



Juan
Religión



Laura
Valores 3ºB

EQUIPO DOCENTE



Mariló
Inglés

EQUIPO DOCENTE



PILI (PT)



PABLO (AL)



MARÍA (AL)



MÓNICA (ATE)



MARTA (ILSE)



LAURA (AL)



BELÉN (PT)



PROPOSTA EDUCATIVA



Horarios

x 3º A

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 9:55	INGLÉS	MATES	LENGUA	MATES	EDUCACIÓN
9:55 10:35	LENGUA		INGLÉS		FÍSICA
10:35 11:15	LINGUA	VALORES /RELIXION	LINGUA	MÚSICA	PLÁSTICA
11:15 11:45	R E C R E O				
11:45 12:15	HORA DE LER				
12:15 13:00	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA	CIENCIAS NATURAIS	LENGUA	LENGUA
13:00 13:45			CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS NATURAIS	INGLÉS

x 3º B

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 9:55	LENGUA	MATES	LENGUA	LINGUA	MATES
9:55 10:35	INGLÉS				
10:35 11:15	MÚSICA	VALORES /RELIXION	CIENCIAS SOCIAIS	PLÁSTICA	LENGUA
11:15 11:45	R E C R E O				
11:45 12:15	HORA DE LER				
12:15 13:00	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA	CIENCIAS NATURAIS	INGLÉS	EDUCACIÓN
13:00 13:45			INGLÉS	CIENCIAS NATURAIS	FÍSICA

O UNIVERSO DAS EMOCIÓNS

- x Neste primeiro trimestre coa finalidade de realizar unha adaptación progresiva aos novos contidos deste curso e tendo en conta a situación emocional e persoal do noso alumnado, iniciamos un proxecto chamado “O Universo das Emocións” co que viaxaremos pola nosa galaxia e coñeceremos o planeta onde vivimos e o resto de planetas do Sistema Solar.



Competencias clave para traballar na escola e na casa

1-Competencia lingüística

2-Competencia matemática e en ciencias e tecnoloxía

3-Competencia dixital

4-Competencia sociais e cívicas

5-Conciencia e expresións culturais

6-Competencia para aprender a aprender

7-Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Son traballadas dende tódalas áreas



Objetivos do Curso



Objetivos por Áreas Educativas

❖ Matemáticas:

Números ata o 99.999

A suma e a resta con levadas.

As táboas de multiplicar e as súas propiedades

A división e o reparto.

O calendario, o reloxo e o euro.

As medidas: O metro, o litro e o kilogramo.

Tipos de liñas, relación entre rectas, ángulos e tipos de ángulos.

Os cuadriláteros, a circunferencia, o círculo e o perímetro.

Prismas, pirámides, corpos redondos.

Resolución de problemas: elixir operación, elaborar un esquema, organizar datos, estimar a solución, inventar un problema.



Obxectivos por Áreas Educativas

➤ Ciencias sociais:

O sistema solar e a Terra: Océanos e continentes

A auga e os seus estados, o ciclo da auga, os xeos da Terra.

O aire e a atmosfera.

As paisaxes naturais e as paisaxes transformadas.

O Goberno do municipio, os servizos municipais, a convivencia, os impostos.

Os traballos do sector primario, secundario e o terciario.

A medida do tempo, como coñecemos o pasado, os días da semana.

Os recordos do pasado da localidade e o paso do tempo.



Obxectivos por Áreas Educativas

❖ Ciencias naturais:

O corpo humano, as funcións vitais.

As etapas da vida, a infancia.

Os nutrientes, e unha dieta saudable.

Os animais e as funcións vitais.

Os mamíferos, as aves, os réptiles, os anfibios e os peixes.

Esponxas, medusas e vermes, os moluscos, os equinodermos, os artrópodos.

A materia e os seus cambios.

A enerxía

As máquinas.



Obxectivos por Áreas Educativas

❖ Plástica:

As cores primarias e secundarias e cálidas e frías.

Debuxo de seres vivos ou de elementos do entorno: o corpo humano, alimentos, animais e plantas.

Análise e interpretación de diferentes obras artísticas de autores recoñecidos.

Representación de diferentes efectos a través da utilización das cores e as súas tonalidades (intensidade do trazo).

Pintura con témperas.

As cores na natureza.

Os esquemas previos para debuxar.

Utilización de diversas técnicas plásticas nas súas producións: collage, estampación, raiados de lápices, etc.



Obxectivos por Áreas Educativas

❖ Lingua Castelá e Galega:

Vocabulario: palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, derivadas, compostas, diminutivos, aumentativos e familias de palabras

Gramática: linguaxe e linguas, a oración: suxeito e predicado, sons, letras e a sílaba. Sustantivos, adxectivos, pronomes e o verbo.

Competencia lectora: un texto informativo, textos poéticos e un texto con instrucións.

Ortografía: división de palabras, exclamación, interrogación, puntuación.

Comunicación: Describir persoas e obxectos, ordear unha secuencia, dicir o mesmo con outras palabras, expresar unha opinión, organizar información, atopar diferenza entre textos...



Exposición oral

Trimestralmente farán unha exposición oral que prepararán na casa. Non debe durar máis de cinco minutos. O esquema é o seguinte:

- 1º) Unha presentación do alumno: nome completo, curso, nome do colexio, título do asunto que vai tratar ou do tema do que vai falar.
- 2º) Exposición oral do tema
- 3º) Preguntas e críticas
- 4º) Despedida



Expresión oral

1^{er} TRIMESTRE:

Un invento ou experimento

2^o TRIMESTRE:

Contar un conto, lenda ou historia

3^{er} TRIMESTRE:

Un personaxe histórico





Tarefas na casa

Trátase de inculcarlles a importancia do traballo e a responsabilidade e de adquirir hábitos de estudo que precisarán máis adiante.

No 3º nivel as tarefas na casa estableceranse do seguinte xeito:
LECTURA DIARIA na casa (Tempo aprox. 20 minutos)

Preparación da exposición trimestral. Adicámoslle tempo a búsqueda de información, elaboración da charla, ensaios...

Algún trabalinguas, conto, poema ou ficha de comprensión lectora para traballar na casa e despois na escola.

Cálculo matemático: sumas, restas, multiplicacións...

Rematar as tarefas que non terminou na clase.



Criterios de Avaliación

Os criterios de calificación que utilizaremos son os seguintes:

- a) **criterios de avaliación de logro académico:** acadar os distintos obxectivos propostos nas áreas. Atendendo sempre ás diferenzas individuais e, ás posibilidades e capacidades dos rapaces e rapazas, suporían o 60% da nota ou cualificación definitiva.
- b) **criterio de esforzo e compromiso como estudante :** valorar a actitude e o esforzo na cualificación das áreas e do curso e a capacidade para o traballo colectivo, a organización e a autonomía persoal suporían o 30% da nota ou cualificación definitiva.
- c) **criterio de traballo social e cooperativo** nas aprendizaxes :o comportamento do alumno/a cos seus compañeiros e compañeiras e o cumprimento das normas de convivencia. Suporían o 10% da nota ou cualificación definitiva.



Avaliación inicial

Durante o mes de setembro realizamos unha avaliación inicial para coñecer a situación real do alumnado en canto a competencias e contidos curriculares, así como as características xerais do grupo co obxectivo de centrar as intervencións educativas adecuadas.

Por outra banda, decatámonos de que algúns aprendizaxes e habilidades importantes do curso anterior non están consolidados, debido as circunstancias que vivimos no confinamento. Polo tanto, serán a prioridade do traballo neste primeiro trimestre.



Avaliación continua

A avaliación diaria nas distintas áreas curriculares realízase a través da análise da:

- x Participación activa na clase.
- x Traballo nos cadernos.
- x Participación nos proxectos.
- x Probas escritas.
- x Compromiso coas tarefas escolares complementarias.
- x Cumprimento das normas.
- x Respecto aos compañeiros e profesorado.



Avaliación final

Ao **remate de cada trimestre** realízase unha valoración do desenvolvemento das súas capacidades e competencias. Será o resultado de aplicar os seguintes criterios:

- x 60 % Adquisición de competencias curriculares a través de probas específicas (probas escritas, presentación de traballos, ...)
- x30 % Esfuerzo escolar e Participación escolar
- x10% Traballo colaborativo



Cualificaciones

A AVALIACIÓN SERÁ EXPRESADA NOS TERMOS:

- **INSUFICIENTE (IN)** PARA AS CUALIFICACIÓNS NEGATIVAS,
- **SUFICIENTE (SU)**,
- **BEN (BE)**,
- **NOTABLE (NT)** OU
- **SOBRESALIENTE (SB)** PARA AS CUALIFICACIÓNS POSITIVAS.

A ESTES TERMOS ACHEGARÁSELLES UNHA CUALIFICACIÓN NUMÉRICA COAS SEGUINTE CORRESPONDENCIAS.

Insuficiente	Suficiente	Ben	Notable	Sobresaliente
1,2,3 ou 4	5	6	7 ou 8	9 ou 10

ENVIARASE UN INFORME ÁS FAMILIAS (BOLETÍN TRIMESTRAL)



ClassDojo e Aula Virtual

Seguiremos utilizando ClassDojo e o aula virtual para informaçóms, propostas de actividades e como medio de contacto telemático.

ClassDojo

Sobre nós | Escuelas | Recursos

Be remote ready with ClassDojo. [Learn how](#)

Trae a cada familia a tu clase

¡Únete al 95% de los colegios en EEUU usando ClassDojo para involucrar a los niños y conectar con las familias! Gratis para profesores, para siempre.

Inscribirse como un...

- Docente
- Padre/Madre
- Estudiante
- Líder de la escuela

AULA VIRTUAL

AULAvirtual

CEIP Escultor Acuña

Acceso Aula Virtual



Aula virtual

A aula virtual está organizada por cursos (3º Primaria) e os traballos preséntanse semanalmente do seguinte xeito:

- x Esquema de áreas e tarefas sinalando o seu obxectivo e o xeito de presentalas.
- x Áreas coas actividades correspondentes.
- x Cada alumno ten que aprender o seu contrasinal.

Neste momento estamos a traballar nas distintas destrezas para coñecer o seu funcionamento.



Proxectos de Centro

- ◆ Dende Infantil ata 6º de Primaria o noso centro traballa, ao longo de todo o curso, en distintos proxectos colaborativos que axudan a desenvolver as Competencias clave do noso alumnado.
- ◆ Proxecto Documental: Xogos Olímpicos.
- Proxecto lector: Biblioteca, TAC, itinerarios lectores.
- Proxecto de Medio Ambiente: Huerto e actividades de concienciación.
- Proxecto Erasmus+ KA1: Viaxamos por Europa




Normativas de aula e de centro (Plan de convivencia)

- ❖ *Puntualidade: É un hábito social moi importante que hai que cultivar en idades tempranas.*
- ❖ *Compromiso coas normas de convivencia na aula e nas zonas comunes (recreo, comedor, etcétera) son peza fundamental na construción da personalidade e da responsabilidade social.*
- ❖ *Saúdar, agradecer, solicitar, falar de xeito moderado, sentarse de xeito correcto, organizar os espazos de traballo.*
- ❖ *Transporte escolar: Concenciarse na puntualidade, no coidado nos accesos ao autobús e na conducta no mesmo.*
- ❖ *Xustificantes:*
 - *Ausentarse durante a xornada escolar: conserxe.*
 - *Ausencias dunha xornada escolar (titor/a).*



Cooperación familia - escola



É fundamental establecer unha boa relación entre a familia e a escola e manter un discurso conxunto sobre a educación e as responsabilidades escolares.

Importante manter unhas hábitos de estudio e traballo continuados para desenvolver unha conciencia de esforzo e responsabilidade persoal.


Polo que é importante o seguinte:



Cooperación familia - escola

- Corresponsabilidade educativa
- Hábitos de estudo, lectura
- Deitalos cedo e levantalos con tempo suficiente.
- Chegar puntuais (8:50) Se chegan tarde, interrompen a clase e crean un mal hábito para o futuro.
- Almorzar ben e traer algo de comer para o recreo.
- Xustificar as faltas.
- Se van ao médico poden traelos á hora que acaben. Se os veñen a buscar ao colexio deberán cubrir un papel que está na conserxería.
- Se toman algunha medicación deberán comunicalo ao titor/a
- En caso de accidente, avísase aos pais. Se é grave chámase ao 061/112.

O departamento de Orientación



A súa función é detectar dificultades de aprendizaxe e de integración escolar, xestionar becas, asesorar ás familias e deseñar estratexias de intervención..

- ❖ Orientador: Alfredo Fornos (previa cita)




Transporte escolar - comedor e saídas

- Lembrar da importancia de comunicar aos nenos e nenas unha boa conducta nos servizos complementarios e nas saídas extraescolares.
- As saídas* teñen un custo de bus. A iso hai que engadir o custo da visita que pode ser un euro ou máis. Programaremos a de fin de curso, e unha ao trimestre, si atopamos saídas interesantes.

*Polo momento non hai ningunha saída prevista para este trimestre.

Reunión titorial



As reunións de titorías serán a partir do mes de novembro, de forma telefónica, os martes de 17h a 18h.

E para calqueira dúbida o email das titoras:
titorasdeterceiro@gmail.com



Moitas grazas pola
vosa atención, colaboración e
participación neste comezo
de curso!



La gente positiva se cae,
se levanta, se sacude,
se cura los raspones,
le sonríe a la vida y dice:

¡Ahí voy de nuevo!

@elPrincipito9711



Moitas ánimo familias!!